

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DA CORUÑA (ABAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE COMEDOR TERAPÉUTICO PARA PERSOAS CON TRASTORNOS DA CONDUCTA ALIMENTARIA.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 145/2024 e 144/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, dona Maria Celia Perez Sousa, presidenta da Asociación de Bulimia y Anorexia da Coruña, con NIF G15582695, que actúa en nome e representación desta,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo.- Así mesmo, segundo o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e do seu servizo de Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave

Terceiro.- O plan de saúde mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024, no seu eixe 4-*"Saúde mental na infancia e adolescencia"* sinala a necesidade de implantar programas terapéuticos no medio comunitario para os trastornos mentais asociados ao periodo infanto-xuvenil mediante programas de alta intensidade dirixidos a menores de ata 16 anos con

trastornos da aprendizaxe, risco de suicidio e trastornos da alimentación.

Cuarto.- Que ao abeiro do antedito plan, no ano 2024 está a iniciar o seu funcionamento o hospital de día infanto-xuvenil na área sanitaria da Coruña e Cee que, entre outras actuacións, dá asistencia a persoas con trastornos da conducta alimentaria.

Quinto.- Que o incremento dos trastornos da conducta alimentaria nos últimos anos fai que a capacidade do comedor terapéutico do hospital de día non sexa suficiente para atender a todos os e as menores que precisan deste servizo.

Sexto.- Que a Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (en adiante, ABAC) é unha entidade de iniciativa social inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1014 que ten por finalidade o tratamento dos trastornos da conduta alimentaria. A ABAC é a única entidade na comunidade autónoma que conta cun programa de comedor terapéutico que ofrece atención continuada ao longo de toda a xornada, ofrecendo unha intervención intensiva.

Sétimo.- O servizo de comedor conta con capacidade para 25 persoas e ofrece, ademais do servizo de catering diario, actuacións de asesoramento nutricional, grupos psicoeducativos, talleres de reeducación alimentaria e obradoiros de cociña, chegando a atender no ano 2023 a 120 menores.

Así pois, dada a especificidade das súas características, así como da actividade que desenvolve aquela, non é posible promover concorrência pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

En virtude do exposto, e recoñecéndose as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten como obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a asociación ABAC para o desenvolvemento do programa de comedor terapéutico que se leva a cabo na cidade da Coruña.

A finalidade desta actuación é prestar un servizo de comedor que ofrezca atención continuada a persoas con trastornos da conducta alimentaria, evitando a cronificación da enfermidade e fomentando hábitos de alimentación saudable ás persoas doentes mediante o asesoramento nutricional, terapia ocupacional e grupos de axuda.

Segunda.- Actuacións do programa

As actividades que se desenvolven ao abeiro do programa son as seguintes:

- 1º. Comedor terapéutico: ofrecendo 4 inxestas ao día (almorzo, media mañá, comida e merenda) con menús confeccionados por persoal experto en nutrición.
- 2º. Obradoiro de cociña: Obradoiro no que se ensina aos/ás pacientes a elaborar un plan de inxestas para facilitar a súa autonomía personal.
- 3º. Grupos psicoeducativos con pacientes dirixidos por terapeutas ocupacionais.

Terceira.- Subcontratación

ABAC é beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración

A prestación do servizo levarase a cabo por parte dos/das profesionais que integran o equipo da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades das persoas beneficiarias das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 30% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Cuarta.- Obrigas

A Asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Asegurar o cumprimento de todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta colaboración.
- b) Presentar perante o Servizo Galego de Saúde xustificación acreditativa da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determina o obxecto da colaboración.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos

coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- d) Comunicarlle a Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante 10 anos, segundo o previsto no artigo 27 e 28 do Real Decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio: *"Cofinanciado pola Xunta de Galicia – Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde"*, co seu respectivo logotipo.
- h) Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Quinta.- Financiamento

O gasto subvencionado a través deste convenio para a realización das actividades obxecto do mesmo para o ano 2024, e que serán levadas a cabo pola devandita asociación, ascende a un total de vinte mil euros (**20.000,00 €**) que corresponden á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario.

O dito gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.21** e código de proxecto **2018 00005** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Sexta.- Compatibilidade das axudas

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes

públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sétima.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:
 - a) Xustificantes de gastos ocasionados e documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes segundo o modelo do Anexo 1.
 - b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio, indicando o custo total repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
2. A documentación da xustificación deberá presentarse coa data límite do 15 de xaneiro de 2024.
3. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
4. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do proveedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).
5. A documentación xustificativa dirixirase á Subdirección Xeral de Atención á saúde Mental, que emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, que foran efectivamente pagados nese período, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar a mesma.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola resolución *do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia*, sempre que non superen no seu conxunto o 3 % do importe total subvencionable do programa excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe. O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78€
MANUTENCIÓN	44,09 €

No caso da quilometraxe atenderase ao disposto na Orde HFP/792/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa a contía das dietas e asignacións para gastos de locomoción no

Imposto sobre a Renda das Personas Físicas, que indica no seu artigo único que será de 0,26 euros o kilómetro.

- b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio. Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

Novena.- Memoria final

Con data límite do 15 de xaneiro de 2024, a asociación deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.

Décima.- Achega da documentación

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electrónicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "*Presentacion electronica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*" (PR004A)", dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira.- Comisión Mixta Paritaria

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes do Servizo Galego de Saúde e dous representantes da asociación, designados por cada unha das persoas titulares da representación das partes asinantes así como os seus suplentes.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo terceira.- Inexistencia de relación contractual

A subscripción deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta.- Réxime de infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo quinta.- Deber de colaboración

A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo sexta.- Publicidade

A Asociación comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa, así como na páxina web oficial da entidade, o logotipo da Xunta de

Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo sétima.- Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Décimo oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes este convenio na data da sinatura electrónica

O presidente do Servizo Galego de Saúde

A presidenta da Asociación de Bulimia y Anorexia da Coruña

Don Antonio Gómez Caamaño

Dona María Celia Pérez Sousa

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
2. Balance de ingresos e gastos da Asociación.
3. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
4. Actividades:
 - Breve descrición das actividades realizadas
 - Número de beneficiarios directos desagregado por xénero
5. Número de reunións de coordinación con outros servizos de atención a persoas con problemas de saúde mental.
6. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE											
RAZÓN SOCIAL										NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA		
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO			LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX			CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).											
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)											
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF		
EN CALIDADE DE											
DATOS BANCARIOS											
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.											
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)					
						IBAN					

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:

a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.

b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.

3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:

☐

Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.

☐

Sí obtivo outras axudas ou subvención para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se

relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA

☐

Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.

Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA

Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de